

Feliz, moi feliz a edición de *De sombras e poemas que son casas* de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950). Estamos, como di o subtítulo, perante unha antoloxía poética sonora. Mais o que contén o libro, alén do cd que reproduce a voz do noso poeta recitando os vinte e dous poemas por el escollidos para a lectura, é outra nada desprezábel cantidade de composicións que percorren todo o seu itinerario vital e literario. Un corpus cronoloxicamente ben estruturado e definido (quinze obras editadas) nos índices que o acompañan e ilustran.

A colectánea antoloxa pezas que van desde *Praia das furnas* (1983), o primeiro poemario en galego do noso autor, até *Vento de sal* (2008), o último, e deposita nos ollos do lector o asombro de vivir e o asombro de nomear. Pola primeira perplexidade atravesan as páxinas figuras familia-

res. Os ámbitos domésticos enchense de habitacións e actos acostumados filtrados polas metáforas audaces, polo ton surreal que nunca perde o fío argumental ou, mellor, sentimental que sustenta todo o discurso poemático. A desazón pola morte que vai apagando as figuras queridas, os feitos trágicos que estremeron a alma do artista e da familia, a noite negra do franquismo que instaurou un oco irredimíbel, irrompen nesta escolla. Por iso tamén acababan despuntando duras acusacións contra a ditadura en todas as súas formas e manifestacións e un compromiso acedo contra as inxustizas do


mundo.

Polo segundo pasmo, existe unha metapoética sempre asociada ao quefacer humano. Porque a linguaxe é unha estraña forma de vida, de dicila e vivila. E tamén as homenaxes que o vigués vai espallando en continua exaltación: homenaxes a poetas pretéritos, actuais, a membros da súa familia, a persoas asasinadas polo terror e que el vai despoando do anonimato para inscribilas con letras de ouro no lume da memoria. Quérese dicir, facelas presentes no presente. Deste xeito, o verso vai adquirindo unha dimensión ética impactante, novidosa e necesaria. A unión destas dúas per-

Feliz iniciativa

Dunha extraña forma de vida

ROMÁN RAÑA



plexidades confírmase co recital que contén o disco. Nel a voz do noso autor vai modulándose para un hipotético públi-

O verso vai
adquirindo
unha
dimensión
ética
impactante

co auditor seleccionando os versos máis queridos. Estamos, pois, diante dunha selección dunha selección. Todo o conxunto, podémolo afirmar, ten un resultado máis que excelente: o volume é moi fermoso no aspecto técnico (no formato), na óptima calidade acústica do cd e, como acabamos de ver, no contido. Un magnífico regalo para os nosos sentidos. Só cabe felicitar a Edicións do Cumio por tan feliz iniciativa. *ÁLVAREZ CÁCCAMO, X.M.^a, De sombras e poemas que son casas, Ed. do Cumio, Vilaboa, 2010, PVP: 15 €*